



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da
provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta
de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SAN MIGUEL DE
TABAGÓN**

Xulio Vicente González
Fernando Rodríguez Otero

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria
adscrita ao Servizo Xurídico
Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30
horas do día 09/07/2019 coa asistencia das
persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª
planta do edificio administrativo sito no nº
43 da Avda. María Victoria Moreno o
Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de
Pontevedra co obxecto de decidir, entre
outros asuntos, sobre a resolución do
expediente de clasificación dos montes
denominados “ **Carballido e outros**”,
solicitados a favor dos veciños da
CMVMC de San Miguel de Tabagón, da
parroquia de San Miguel de Tabagón (O
Rosal)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. Con data 02/07/2015 Francisco
González Martínez, en calidade de
presidente da CMVMC de San Miguel de
Tabagón, presenta unha solicitude de
iniciación para a clasificación dos montes
denominados “ Carballido e outros” a favor
dos veciños da CMVMC de San Miguel
de Tabagón (O Rosal), acompañada dun
informe técnico e pericial, describindo o
monte, identificación, superficie,
ocupacións e lindeiros.

Segundo. Logo do informe previo do
Servizo de Montes, o Xurado provincial de
montes veciñais en man común de
Pontevedra, acordou, en sesión que tivo
lugar o 14/12/2016, iniciar o
correspondente expediente de clasificación.

Os montes obxecto de clasificación descríbense pola comunidade da seguinte maneira:

Concello: O Rosal

Parroquia: San Miguel de Tabagón

Nome dos Montes: Carballido, Silvosa, A Monca e Tidín

Parcela 1- A Monca

Cabida: 2.950 m² (superficie alegada na solicitude)

Referencia catastral: 36048A061000060000FO

Estremas:

Norte: Juan Carlos Vicente González e Nahir Rodríguez Martínez

Sur: camiño público e Indalecio Castro Martínez

Leste: camiño público

Oeste: Indalecio Castro Martínez, Nahir Rodríguez Martínez e J. Carlos Vicente González

Parcela 2- Tidín

Cabida: 2.054 m² (superficie alegada na solicitude)

Referencia catastral: 36048A063001990000FH

Estremas:

Norte: Manuel Gándara Costa, Herdeiros de Laura Coballes Vieira

Sur: Rosa María Martínez Martínez, Victoria Alfonso, Herdeiros de Rosalina Pereira Martínez

Leste: Florencia Vázquez Fernández, Manuel Gándara Costa e Victoria Alfonso

Oeste: estrada

Parcela 3- Silvosa

Cabida: 2.405 m² (superficie alegada na solicitude)

Referencia catastral: 36048A062005230000FT

Estremas:

Norte: Viñedos Rioja Alta SA, Vicente Fernández Álvarez, Francisco Álvarez Barreiro, Jesús Rodríguez Domínguez, María Martínez Fernández, Lagar de Fornelos SA, Moisés Oliveira Martínez, Florindo Sousa Fernández.

Sur: Viñedos Rioja Alta SA, Lagar de Fornelos SA, Moisés Oliveira Martínez, Florindo Sousa Fernández

Leste e Oeste: Viñedos Rioja Alta SA

Parcela 4- Carreiro ou As Regas (formada por dúas porcións de terreo)

Cabida: 2.314 m² (superficie alegada na solicitude. Unha porción de 2.193 m² e outra de 121 m²)

Referencias catastrais: 36048A061001790000FZ e 36048A061002340000FR

Estremas:



Parcela A

Norte: María del Rosario Martínez Alonso, Manuel Alonso Álvarez, Agustina Domínguez Álvarez, Carmen Iglesias Arzúa, Ana María López Martínez, Manuel Martínez Fernández

Sur: Juan Francisco Estévez Gándara, Florindo Sousa Fernández, Rosario Alonso Gómez, Edelmiro Alonso Álvarez, Nahir Rodríguez Martínez.

Leste: Monte veciñal de San Miguel de Tabagón, Francisco Javier Fagundez Conde, Rafael Martínez, José Otero Alonso, Romana Fernández Fernández, Pascual Martínez Alonso, Obdulia Martínez Alonso, José Ángel Rodríguez Álvarez, Alfonso Martínez Domínguez, M. Del Pilar Estévez Silva e Agustín Domínguez Álvarez

Oeste: camiño, Faustino Lorenzo Alonso e Manuel Martínez Fernández

Parcela B

Norte e Leste: camiño

Sur: Manuel Eduardo Martínez Domínguez

Oeste: Elvira Rodríguez Rodríguez, Benjamín Flores Fernández, Eloy Martínez Alonso, José Otero Alonso, Florindo Sousa Fernández, Rosa Rodríguez Rodríguez

Terceiro. De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe preceptivo do Servizo de Montes e que foi remitido ao Xurado con data 01/02/2017 no que se indica, en síntese, que :

Parcela 1 : A Monca. Estado Forestal: Especie arbórea principal : Pinus Pinea, Especie de matorral : Robus sp. Usos e aproveitamentos observados: antigo basureiro. Non se detectan aproveitamentos na actualidade. A parcela rózaa a CMVMC de San Miguel de Tabagón

Parcela 2: Tidín Estado Forestal: Especie arbórea principal : Acacia .Usos e aproveitamentos observados: parte da parcela está ocupada por camiños A parcela rózaa a CMVMC de San Miguel de Tabagón.

Parcela 3 Silvosa Usos e aproveitamentos observados: parte da parcela está ocupada por camiños. A parcela rózaa a CMVMC de San Miguel de Tabagón.

Parcela 4 : Carreiro o As Regas no lugar de Carballido Usos e aproveitamentos observados: parte da parcela está ocupada por camiños. A parcela rózaa a CMVMC de San Miguel de Tabagón.

Cuarto- O Rexistrador da Propiedade de Tui certifica con data 22/02/2017, que non figura inscrita neste Rexistro ningunha finca coa descrición que dos montes se fai na solicitude de certificación de cargas.

Quinto- Feitas as comunicacións previstas no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentaron alegacións ou documentación algunha en contra da clasificación dos montes solicitados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas propiedade e demais dereitos reais.

Para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de xeito continuado, así o establece o artigo 1º da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común é que resulte



acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de forma mancomunada (STS de 07/03/01) .

Terceiro- O uso e aproveitamento veciñal do monte queda acreditado a través do informe pericial asinado polo técnico Roberto Ocampo Caralda (recollida de leña, recollida de matogueira, fentos e toxo para cama do gando e produción de esterco, pastoreo...) , o informe preceptivo do Servizo de Montes así como a falta de oposición de terceiros durante o tramite de audiencia o que leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal do terreo obxecto do expediente.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación , **o XURADO acorda** por unanimidade dos seus membros **CLASIFICAR** os montes “ **Carballido e outros**” solicitado a prol dos veciños da **CMVMC da San Miguel de Tabagón (O Rosal)** de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

514000

514500

515000

515500

4642000

4641500

4641000

4642000

4641500

4641000

Valdemiñotos

Carballido
2.314 m²Silvosa
2.405 m²A Monca
2.950 m²

Río Tamuxe

O Morán

C.G. 4.2

Tidín
2.054 m²

Clasificación dos montes "Carballido e outros"

QMVMC de San Miguel de Tabagón - O Rosal

Pontevedra Escala: 1:5.000 (etrs-89) Xullo-2019

